

Flora

CATEGORÍAS RELACIONADAS

[Ditos e refráns dos cogomelos] Pingoles, pingoles...

Fungato, Falopo dos curandeiros Panqueixo (*Calvatia cyathyformis*)

□Pingoles, pingoles esta pingando; fungoles, fungoles esta fungando; se pingoles, pingoles non pingara, fungoles, fungales non fungaba□

Esta é unha adiviña de nunca acabar, pois se un responde que é a pinga de auga que cae nun fungo (*Calvatia*, *Lycoperdon*, *Geastrum*, *Astraeus* ou outros) e que provoca que este ceibe as esporas, que é a resposta correcta, o interlocutor pode dicir que non; se outro di que é o ourizo da castaña que lle cae enriba o xabarín, cando esta larpando as castañas, tamén pode dicir que non, e se di que é a pinga de graxa de curar os chourizos que lle cae enriba ó gato, aínda pode esixir mais respostas alternativas.

[Texto e foto achegados por Cristovo Ruíz Leivas]



BIBLIOGRAFÍA

RUÍZ LEIVAS, Cristovo / EIROA GARCÍA-GARAVAL, Juan A., Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos, Cadernos de Fraseoloxía Galega, 4, 2002, páx. 363-379.